

Guía Docente				
Datos Identificativos				2012/13
Asignatura (*)	Dirección e xestión deportiva		Código	620G01038
Titulación	Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Prerrequisitos				
Departamento	Educación Física e Deportiva			
Coordinación	Gambau i Pinasa, Vicente	Correo electrónico	vicente.gambau@udc.es	
Profesorado	Gambau i Pinasa, Vicente	Correo electrónico	vicente.gambau@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Unha das poucas materias deste novo plan de estudos que introducen ao ámbito profesional da dirección deportiva e da xestión deportiva.			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A10	Coñecer os distintos niveis da lexislación educativa e aplicar os fundamentos básicos que promove en canto á Planificación e Programación Didáctica da Educación Física nas etapas educativas.
A29	Identificar os riscos para a saúde que se derivan da práctica de actividade física insuficiente e inadecuada en calquera colectivo ou grupo social.
A32	Dirixir e xestionar servizos, actividades, organizacións, centros, instalacións, programas e proxectos de actividade física e deportiva desde os principios de igualdade de oportunidades, supervisando e avaliando a calidade, as garantías de seguridade e saúde dos usuarios, así como a súa satisfacción e os resultados sociais e económicos.
A33	Seleccionar e saber utilizar o material e equipamento deportivo adecuado para cada tipo de actividade físico-deportiva no contexto educativo, deportivo, recreativo e da actividade física e saúde.
A34	Realizar actos facultativos de elaboración de informes técnicos e peritaxes, asesorar e inspeccionar sobre actividade deportiva, instalacións e programas deportivos.
A36	Coñecer e saber aplicar as novas tecnoloxías da información e a imaxe, tanto nas ciencias da actividade física e do deporte, como no exercicio profesional.
B1	Coñecer e posuír a metodoloxía e estratexia necesaria para a aprendizaxe nas ciencias da actividade física e do deporte.
B2	Resolver problemas de forma eficaz e eficiente no ámbito das ciencias da actividade física e do deporte.
B3	Traballar nos diferentes contextos da actividade física e o deporte, de forma autónoma e con iniciativa, aplicando o pensamento crítico, lóxico e creativo.
B4	Trabajar de forma colaboradora, desenvolvendo habilidades, de liderado, relación interpersoal e traballo en equipo.
B5	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán.
B6	Dinamizar grupos nos diferentes ámbitos do exercicio profesional.
B7	Xestionar a información.
B10	Saber aplicar as tecnoloxías da información e comunicación (TIC) ao ámbito das Ciencias da Actividade Física e do Deporte.
B11	Desenvolver competencias para a adaptación a novas situacións e resolución de problemas, e para a aprendizaxe autónoma.
B12	Coñecer os principios éticos necesarios para o correcto exercicio profesional e actuar de acordo con eles.
B14	Comprender e aplicar a lexislación vixente relativa ao marco das actividades físicas e deportivas nos distintos ámbitos: educación, deporte, xestión, lecer e saúde.
B16	Dominar habilidades de comunicación verbal e non verbal necesarias no contexto da actividade física e o deporte.
B17	Promover e avaliar actividades de ampliación curricular, referentes á creación de hábitos autónomos de actividade física e deporte.
B19	Exercer a profesión con responsabilidade, respecto e compromiso.
B20	Coñecer, reflexionar e adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e o traballo en equipo a partir das prácticas externas en algún dos principais ámbitos de integración laboral, en relación ás competencias adquiridas no grao que se verán reflectidas no traballo fin de grao.

Código Seguro De Verificación	0CC92Zep6t2o6FVgXELDoA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretario/a Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física - Miguel Ángel González Valeiro	Asinado	13/12/2023 12:25:40
Observacións		Páxina	1/8
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/0CC92Zep6t2o6FVgXELDoA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)		Competencias da titulación	
Dirixir e xestionar servizos, actividades, organizacións, centros, instalacións, programas e proxectos de actividade física e deportiva desde os principios de igualdade de oportunidades, supervisando e avaliando a calidade, as garantías de seguridade e saúde dos usuarios, así como a súa satisfacción e os resultados sociais e económicos	A32		
Seleccionar e saber utilizar o material e equipamento deportivo adecuado para cada tipo de actividade físico-deportiva no contexto educativo, deportivo, recreativo e da actividade física e saúde	A33		
Realizar actos facultativos de elaboración de informes técnicos e peritaxes, asesorar e inspeccionar sobre actividade deportiva, instalacións e programas deportivos.	A34		
Coñecer e saber aplicar as novas tecnoloxías da información e a imaxe, tanto nas ciencias da actividade física e do deporte, como no exercicio profesional	A36		
Coñecer e posuír a metodoloxía e estratexia necesaria para a aprendizaxe nas ciencias da actividade física e do deporte		B1	
Asumir a responsabilidade, ética, respecto e compromiso, no exercicio da profesión		B5 B12 B19	C4 C7
Desenvolver habilidades de dirección relativas á resolución de problemas, traballo en equipo e autonomía		B2 B3 B4 B6 B11 B17 B20	
Xestionar a información e a comunicación		B7 B10 B16	
Comprender e aplicar a lexislación vixente relativa ao marco das actividades físicas e deportivas nos distintos ámbitos: educación, deporte, xestión, lecer e saúde.	A10	B14	
Identificar os riscos para a saúde que se derivan da práctica de actividade física insuficiente e inadecuada en calquera colectivo ou grupo social	A29		

Contidos	
Temas	Subtemas
Fundamentos da dirección e xestión deportiva	Concepto Evolución Funcións Problemáticas
A planificación deportiva	Análise e diagnóstico A planificación estratéxica A planificación operativa A execución O seguimento e control A avaliación

Código Seguro De Verificación	0CC92Zep6t2o6FVgXELDoA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretario/a Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física - Miguel Ángel González Valeiro	Asinado	13/12/2023 12:25:40
Observacións		Páxina	2/8
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/0CC92Zep6t2o6FVgXELDoA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Dirección de proxectos deportivos	Concepto de proxecto A Dirección Integrada de proxectos Os grupos de procesos As áreas de coñecemento
A intervención profesional no ámbito da dirección do deporte.	Ocupacións profesionais Procedemento de intervención O perfil profesional As habilidades directivas

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	2	1	3
Análise de fontes documentais	0	10	10
Eventos científicos e/ou divulgativos	0	10	10
Traballos tutelados	0	15	15
Sesión maxistral	15	0	15
Saídas de campo	5	0	5
Recensión bibliográfica	0	15	15
Presentación oral	0	20	20
Prácticas a través de TIC	5	0	5
Portafolios do alumno	1	4	5
Estudo de casos	20	0	20
Investigación (Proxecto de investigación)	2	20	22
Atención personalizada	5	0	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Actividades que se levan a cabo antes de iniciar calquera proceso de ensino-aprendizaxe a fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren alcanzar, vinculados a un programa formativo. Con ela preténdese obter información relevante que permita articular a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativas, que partan dos saberes previos do alumnado. Presentación dun videocurrículo persoal e dun convenio de avaliación
Análise de fontes documentais	Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos lexislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico Traballo documental sobre xestión deportiva recomendado polo profesor
Eventos científicos e/ou divulgativos	Actividades realizadas polo alumnado que implican a asistencia e/ou participación en eventos científicos e/ou divulgativos de xestión deportiva (congresos, xornadas, simposios, cursos, seminarios, conferencias, exposicións, etc.) co obxectivo de profundar no coñecemento de temas de estudo relacionados coa materia. Estas actividades proporcionan ao alumnado coñecementos e experiencias actuais que incorporan as últimas novidades referentes a un determinado ámbito de estudo (mínimo 1 crédito)

Código Seguro De Verificación	0CC92Zep6t2o6FVgXELDoA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretario/a Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física - Miguel Ángel González Valeiro	Asinado	13/12/2023 12:25:40
Observacións		Páxina	3/8
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/0CC92Zep6t2o6FVgXELDoA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Traballos tutelados	Metodoloxía que permite ao alumnado aprender de forma efectiva, a través de actividades de carácter práctico (demostracións, simulacións, etc.) a teoría dun ámbito de coñecemento, mediante a utilización das tecnoloxías da información e as comunicacións. As TIC supoñen un excelente soporte e canal para o tratamento da información e aplicación práctica de coñecementos, facilitando a aprendizaxe e o desenvolvemento de habilidades por parte do alumnado
Sesión maxistral	Sesións presenciais en aula sobre teoría da xestión aplicada ao deporte . Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.
Saídas de campo	Actividades desenvolvidas nun contexto externo ao contorno académico universitario (empresas, institucións, organismos, monumentos, etc.) relacionadas co ámbito de estudo da materia. Estas actividades céntranse no desenvolvemento de capacidades relacionadas coa observación directa e sistemática, a recollida de información, o desenvolvemento de produtos (bosquexos, deseños, etc.), etc.
Recensión bibliográfica	A recensión bibliográfica supón un proceso de lectura crítica dun libro, dun artigo, dunha tese ou dunha comunicación a un congreso. Como tal proceso comprende a lectura da obra, a análise do seu contido e unha crítica e valoración da mesma en relación á literatura existente sobre o tema. Unha recensión non supón un resumo da obra, nin unha mera análise do contido, pois o que lle outorga sentido e dimensión académica científica é a crítica que merece a xuízo do autor da recensión, en relación a outras obras coñecidas do mesmo ámbito ou en relación a súa propia experiencia. Recensión dun libro sobre Dirección Deportiva recomendado polo profesor
Presentación oral	Intervención inherente aos procesos de ensino-aprendizaxe baseada na exposición verbal a través da que o alumnado e profesorado interactúan dun modo ordenado, propoñendo cuestións, facendo aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica.
Prácticas a través de TIC	Metodoloxía que permite ao alumnado aprender de forma efectiva, a través de actividades de carácter práctico (demostracións, simulacións, etc.) a teoría dun ámbito de coñecemento, mediante a utilización das tecnoloxías da información e as comunicacións. As TIC supoñen un excelente soporte e canal para o tratamento da información e aplicación práctica de coñecementos, facilitando a aprendizaxe e o desenvolvemento de habilidades por parte do alumnado.
Portafolios do alumno	É unha carpeta ou arquivador ordenado por seccións, debidamente identificadas ou etiquetadas, que contén os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumno nun período de tempo, cos comentarios e cualificacións asignadas polo profesor, o que lle permite visualizar o progreso do alumno. O portafolios ou carpeta inclúe todo o que fai o alumno, como: apuntes ou notas de clases, traballos de investigación, guías de traballo e o seu desenvolvemento, comentarios de notas, resúmenes, probas escritas, autoavaliacións, tarefas desenvolvidas, comentarios de progreso do alumno realizado polo profesor, etc.
Estudo de casos	Metodoloxía onde o suxeito se enfrenta ante a descrición dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumno sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo
Investigación (Proxecto de investigación)	Traballos de análises e diagnóstico de sistemas deportivos. Investigacións sobre temáticas relacionadas coa materia.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición

Código Seguro De Verificación	0CC92Zep6t2o6FVgXELDoA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretario/a Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física - Miguel Ángel González Valeiro	Asinado	13/12/2023 12:25:40
Observacións		Páxina	4/8
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/0CC92Zep6t2o6FVgXELDoA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Análise de fontes documentais Traballos tutelados Recensión bibliográfica	<p>As titorías deberán confirmarse por anticipado. Para iso as persoas interesadas solicitarán o día e hora que desexen dentro do horario de titorías achegando os seus datos, curso e grupo.</p> <p>Para calquera suxestión ou petición persoal por escrito dispónse da caixa de correos do profesor ou a seguinte dirección de correo electrónico: gambau@udc.es</p> <p>As TITORÍAS poderán ser virtuais, ordinarias e extraordinarias.</p> <p>a) Titorías virtuais: Para calquera suxestión ou petición persoal por escrito dispónse a seguinte dirección de correo electrónico: gambau@udc.es ademais da plataforma Moodle UDC.</p> <p>b) Titorías ordinarias: O profesor atenderá no horario de tutorías calquera consulta, suxestión ou problemática do alumnado. As titorías en período de exames terán horarios diferentes.</p> <p>c) Titorías extraordinarias de avaliación: Exposición e defensa de contidos a avaliar a petición do profesor, dentro do horario habitual de titorías.</p> <p>d) Titorías extraordinarias de avaliación: o Titorías extraordinarias de revisión de notas: Os alumnos poderán revisar os seus contidos de avaliación ás horas convidadas para tal fin.</p> <p>e) Titorías extraordinarias de reclamación sobre cualificacións: Calquera problemática respecto da avaliación de exames ou doutros contidos, será tratada en horario de Revisión de notas. Consultar o procedemento na NORMATIVA ACADÉMICA DE AVALIACIÓN, DE CUALIFICACIÓN E DE RECLAMACIÓN (Aprobado en Consello de Goberno 02/06/2006)</p> <p>Ante calquera tipo de problemática no desenvolvemento da materia, rógase acudir en primeira instancia ao profesor. Se se desexa permanecer no anonimato, é importante insistir aos Representantes de Alumnos que se dirixan en primeira instancia ao profesor</p>
---	---

Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Actividades iniciais	Enquisa inicial Convenio de avaliación Video curriculum	5
Eventos científicos e/ou divulgativos	Formación permanente específica de dirección e xestión deportiva	10
Traballos tutelados	Traballos propostos ao profesor relacionados con a materia	25
Investigación (Proxecto de investigación)	Análise e diagnóstico dun sistema deportivo	20
Recensión bibliográfica	Lecturas y valoracións críticas de fontes documentales da materia	10
Presentación oral	Presentación dos traballos realizados	5
Prácticas a través de TIC	Elaboración do videocurriculo e presentación dos contidos de avaliación	10
Portafolios do alumno	Presentación dos méritos realizados	5
Estudo de casos	Resolución e discusión dos casos plantexados en clase	10

Observacións avaliación

Código Seguro De Verificación	0CC92Zep6t2o6FVgXELDoA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretario/a Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física - Miguel Ángel González Valeiro	Asinado	13/12/2023 12:25:40
Observacións		Páxina	5/8
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/0CC92Zep6t2o6FVgXELDoA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



1. Existen dúas alternativas de avaliación: A modalidade ?Avaliación Guía Docente DXD? e a modalidade opcional ?Convenio de avaliación DXD?. Todo o alumnado opta pola Avaliación ?Guía Docente DXD? exceptuando aqueles que, dentro do prazo establecido, presenten por escrito o convenio da súa avaliación e este quede aprobado por parte do profesor. A avaliación da materia consta de catro apartados que corresponden a catro competencias básicas: avaliación dos coñecementos achegados en sesións teóricas de aula (saber), avaliación dos procedementos teórico-prácticos (saber facer), avaliación das actitudes (saber estar), e avaliación da habilidade de comunicación (facer saber).

2. MODALIDADE AVALIACIÓN GUÍA DOCENTE Na primeira opción, denominada AVALIACIÓN GUÍA DOCENTE, o alumnado deberá realizar os seguintes contidos mínimos seguindo as directrices da guía docente e da plataforma virtual UDC de forma INDIVIDUAL:

2.1) Competencia Saber / Apartado de Coñecementos: Proba escrita final sobre os coñecementos da materia / Valor: 35 % / Data de entrega: Convocatoria oficial

2.2) Competencia Saber facer / Apartado de Procedementos: Elaboración dun proxecto dun servizo deportivo ou dun acontecemento deportivo / Valor: 35 % / Data de entrega: Convocatoria oficial

2.3) Competencia Saber estar / Apartado de Actitudes: Contido adicional de carácter voluntario / Valor: 15 % / Data de entrega: Convocatoria oficial

2.4) Competencia Facer saber / Apartado de Comunicación: Presentación dun video-currículum vitae e deportivo / Valor: 15 % / Data de entrega: Convocatoria oficial

3. MODALIDADE CONVENIO DE AVALIACIÓN Na segunda alternativa, que se concreta mediante un CONVENIO DE AVALIACIÓN, o alumnado deberá asinar un documento, consensuado co profesor, presentado en prazo, onde concretarán os contidos escollidos para cada apartado e a porcentaxe de nota para cada un deles.

a) Para esta modalidade é requisito imprescindible superar o 80 % de asistencia.

b) Se por calquera incidencia, xustificada ou non, só se alcanzase entre o 50 e o 80 % da asistencia, engadiríase ao convenio de avaliación a elaboración dunha recensión con defensa seguindo as pautas da materia.

c) Nos casos que non se poidan cumprir as condicións do convenio ou se a asistencia fose menor do 50 %, por calquera circunstancia xustificada ou non, as persoas implicadas pasarán automaticamente á ?Avaliación Guía Docente DXD?

d) Os contidos de avaliación na vía convenio escolleranse da listaxe proporcionada polo profesor no documento: ?Modelo convenio de avaliación?

e) Os apartados mínimos obrigatorios son:

3.1) Competencia Saber / APARTADO: Coñecementos / CONTIDO ORIENTATIVO: Contido teórico / VALOR MÁXIMO: 50 % / DATA ENTREGA: Convocatoria oficial

3.2) Competencia Saber facer / APARTADO: Procedementos / CONTIDO ORIENTATIVO: Traballo Teórico-práctico / VALOR MÁXIMO: 50 % / DATA ENTREGA: Convocatoria oficial

3.3) Competencia Saber estar / APARTADO: Actitudes / CONTIDO ORIENTATIVO: Méritos acreditados relacionados coa materia - Colaboracións, Formación permanente, Procuras bibliográficas, recensións... / VALOR MÁXIMO: 20 % / DATA ENTREGA: Convocatoria oficial

3.4) Competencia Facer saber / APARTADO: Comunicación / CONTIDO ORIENTATIVO: Avaliación inicial, Vídeo-Currículo vitae e deportivo, Avaliación docente (etc.) / VALOR MÁXIMO: 15 % / DATA ENTREGA: Convocatoria oficial

4. Criterios de avaliación para todo o alumnado.

4.1) A proba escrita final consistirá en unha proba obxectiva multiítem. Aplicarase un factor corrector do azar. Os contidos da proba incluírán apuntes de clase e a documentación complementaria da materia.

4.2) O traballo teórico-práctico consistirá na elaboración dun proxecto que estará relacionado cos contidos de intervención dentro da dirección deportiva.

4.3) Os criterios que rexen os convenios son os que garanten a consecución dos obxectivos do programa, cumprindo cos principios xerais de igualdade, equidade, seguridade documental e boa fe.

Código Seguro De Verificación	0CC92Zep6t2o6FVgXELDoA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretario/a Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física - Miguel Ángel González Valeiro	Asinado	13/12/2023 12:25:40
Observacións		Páxina	6/8
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/0CC92Zep6t2o6FVgXELDoA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



4.4) A cualificación final obterase da media de todos os contidos, a condición de que cada contido alcance, como mínimo, o 50 % do seu valor.

4.5) Establécese entre os requisitos necesarios para superar a materia, pasar correctamente os controis de seguimento, a defensa apropiada dos contidos a petición discrecional do profesor, e non cometer ningún erro grave respecto dos criterios de avaliación.

5. Presentación / entrega de traballos:

5.1) Presentación total. Nos contidos que estean constituídos por varios traballos, terase en conta a presentación de todos eles para a elaboración da nota correspondente

5.2) A presentación de traballos en soporte dixital realizarase coidando aspectos formais de presentación, estruturais e de contido. Rexeitarse todo soporte dixital que non dispoña da identificación adecuada (nome e apelidos, código de alumno, materia, curso, índice de contidos e denominación oficial dos arquivos) ou cando o soporte dixital non teña traballada a súa presentación.

5.3) Para valorar integramente os contidos, non poderán aparecer erros tipográficos nin faltas de ortografía. Os arquivos con formato ilexible non poderán ser avaliados.

5.4) A entrega de traballos no prazo acordado é un requisito inescusable.


5.5) A irregularidade no seguimento da asistencia será considerada como falta grave para os implicados.

6. Mantemento de notas en convocatorias posteriores

6.1. As partes aprobadas da materia manteranse durante as convocatorias do mesmo curso académico.

6.2. Os alumnos deberán adaptarse aos novos criterios da guía docente do curso no que estean matriculados.

6.3. Para manter as notas dun curso para outro, é necesario asinar un novo convenio de avaliación no prazo establecido ao comezo de cada cuatrimestre

Código Seguro De Verificación	0CC92Zep6t2o6FVgXELDoA==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Secretario/a Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física - Miguel Ángel González Valeiro	Asinado	13/12/2023 12:25:40	
Observacións		Páxina	7/8	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/0CC92Zep6t2o6FVgXELDoA==			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			

Fontes de información	
Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Soucie, Daniel (2002). Administración, Organización y Gestión Deportiva. Barcelona: Inde Publicacione - Luna Aroca, Roberto (2000). Bases para la dirección de entidades deportivas. Valencia. Ed. Promolibro. - Senllé, Andrés (2004). Calidad en las organizaciones deportivas. Todo lo que necesita saber . Barcelona: Gestión 2000 - Zeithmal, V. A.; Parasuraman, A; Berry, L. L. (1993). Calidad total en la gestión de servicios. Madrid: Díaz de Santos - Quesada, Sergio y Díez, Mª Dolores (2002). Dirección de Centros Deportivos. Principales Funciones y Habilidades del Director Deportivo. Barcelona. Ed. Paidotribo - Campos, Carlos. (2004). Dirección y Marketing de servicios deportivos. Barcelona: Ed. Gestió i Promoció Edit. - Desbordes, M; Ohl, F; Tribou, G. (2001). Estrategias del marketing deportivo. Análisis del consumo deportivo. Barcelona. Ed. Paidotribo - Sánchez Buján, Pablo (2004). Hacia una gestión de calidad en los centros deportivos. Madrid: Gymnos - Mullin, B & Hardy, S & Sutton, W. (1993). Marketing deportivo. Barcelona. Ed. Paidotribo - Grönroos, C. (1994). Marketing y gestión de servicios. Madrid: Díaz de Santos
Bibliografía complementaria	

Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente
Estrutura e organización deportiva/620G01026
Creación e dirección de empresas deportivas/620G01029
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións
<p>1. É moi importante estar ben informado para o correcto seguimento da materia. Recoméndase visitar a Facultade virtual regularmente, ler os documentos que serven de guía para as actividades académicas dirixidas, e asistir ás titorías co profesor.</p> <p>2. É importante que o alumno coñeza os órganos de representación e os dereitos e obrigacións dos estudantes, así como o funcionamento dos procesos administrativos. Recoméndase coñecer a guía do alumno da UDC.</p> <p>3. Será de aplicación o Principio de xerarquización das fontes de Dereito: Para a toma de decisións haberá primacía do Dereito escrito e a primacía da norma emanada dos órganos superiores. É a escala normativa: Os convenios, as normas da materia, esta Guía docente, o Regulamento de Réxime Interno do Departamento CCAFYD, os regulamentos e Estatutos da Universidade (UDC) e a lexislación superior.</p>

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías

Código Seguro De Verificación	0CC92Zep6t2o6FVgXELDoA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretario/a Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física - Miguel Ángel González Valeiro	Asinado	13/12/2023 12:25:40
Observacións		Páxina	8/8
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/0CC92Zep6t2o6FVgXELDoA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

